



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE OUTUBRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20/03/2013)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezoito de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre do Inventario Municipal.

Dáse conta dos traballos de actualización realizados pola empresa INCOSA , Investigación y Control de Calidad, S.A, contratada pola Deputación Provincial de A Coruña, para a realización do Inventario de bens e dereitos desta Entidade, así como da aplicación INVENT para a súa xestión.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar os citados traballos.

3º.- Aprobación inicial, se procede, do Plan Especial de Protección do Núcleo Tradicional de Ponte Ulla

Téndose redactado por don Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto, o proxecto do Plan Especial de Protección do PE-1, núcleo de Ponte Ulla, que afecta ao ámbito de solo previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, na parroquia de Ponte Ulla, cualificado como solo urbano.



Visto o informe de Secretaría, de data 18 de novembro de 2010, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Vista a decisión do 22 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica do mencionado plan especial, e visto o contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais de data 18 de outubro de 2013.

Visto o contido dos informes sectoriais previos emitidos polo Ministerio de Fomento, en canto titular da N-525; Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia, en canto titular da AC-241; e da Dirección Xeral de Montes.

Considerando canto antecede e de conformidade co artigo 86.1 e demais de aplicación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, propónse:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto do Plan Especial de Protección do PE-1. Núcleo de Ponte Ulla, que afecta ao ámbito delimitado polo vixente PXOM na parroquia de Ponte Ulla e cualificado como solo urbano.

Segundo.- Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior difusión na provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Notificar individualmente o trámite de información pública aos titulares catastrais das parcelas que conforman o ámbito de actuación.

Cuarto.- Solicitar os informes sectoriais que sexan pertinentes e que deberán emitirse no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial estableza outro prazo.

O Sr. Lema do PP expón que é un proxecto de carácter técnico basicamente, que arranca na lexislatura anterior, e que se levará a cabo no lugar máis patrimonial do concello, no núcleo de Ponte Ulla. Di que se levaron a cabo unha serie de reunións para ver todas as cuestións formuladas polos veciños inmersos neste plan especial, solucionándose todas as posibilidades que a lei permite e na medida do posible quedou bastante axeitado.

Sinala ademais que a partir de agora se abrirá un prazo de exposición pública de dous meses para que se presenten as alegacións que se consideren oportunas, e que o fin deste plan especial é protexer o núcleo tradicional de Ponte Ulla.

O Sr. Cobas do PSdG-PSOE anuncia o voto favorable do seu grupo, sinalando que o Plan Xeral de Vedra fíxose polo Grupo Socialista, crendo que é un bo plan, feito polo mellor equipo redactor de Galicia naquel momento, e para iso tiveron que enfrontarse a moitos problemas, pero tiñan a responsabilidade de facelo e fixérono.

Referente a este plan especial de Ponte Ulla, pregunta se o equipo de goberno cre nel, porque se non é así e se vai aprobar porque resulta que o anterior equipo de goberno conseguiu diñeiro para a súa redacción, e agora hai que aprobalo e se saca “o morto de encima”, non é o correcto, porque ten que crer nel e a partir de agora esixirle ás demais administracións que poñan o diñeiro encima da mesa para o seu desenvolvemento.

Sinala tamén, que despois de escoitar ao arquitecto redactor do mesmo, Fermín González, que mantiveron conversas cos afectados que había, que se foron



desenvolvendo e creando un bo entendemento, aínda que existe unha familia coa que non se chegou a un acordo, pero que agora no prazo de alegacións se existe unha boa vontade tanto por parte do equipo de goberno como por parte da familia se pode acadar.

Por último sinala que ao seu grupo o que non lle gusta escoitar é que este plan é dos outros, porque cada un ten a responsabilidade do seu momento, é que el si cre no plan especial porque Ponte Ulla meréceo, pedíndolle ao equipo de goberno que traballen para conseguir o diñeiro, que se esforcen para desenvolvelo e cheguen a convenios coas persoas afectadas, porque sempre existen formas de chegar a acordos.

O Sr. Pose do BNG expón que a planificación están ben feita, porque nas planificacións pódese ser máis ou menos esixente, e na redacción deste, o grao que se lle esixe é bastante elevado para o que é, se ben é certo que de non existir un plan xeral probablemente existiría un proceso de deterioro do núcleo, pero que o que no seu momento foi unha boa idea convértese nun “cristo”, porque o problema que temos e que poñemos o casco histórico de Ponte Ulla ao nivel practicamente de esixencia do casco histórico de Santiago de Compostela, cun proxecto presupostado de 700.000 euros, e resulta que o conselleiro dese momento, nunha visita que fixo alí, di que hai 23 plans especiais como este e 3.000.000 de euros para todos eles; o que significa unha auténtica barbaridade porque se aos veciños lle vamos a esixir como o que se lle esixe para o casco histórico de Santiago de Compostela, pero non lle damos ningún recurso para que poñan en valor ese plan especial, é un camiño ao inferno para os veciños e unha barbaridade para o concello.

Sinala tamén que a responsabilidade de levalo a cabo logo de aprobado, a responsabilidade de acadar os 700.000 euros e o labor fiscalizador urbanístico é do equipo de goberno.

Por último di que o seu voto vai ser a abstención.

O Sr. Alvela de TEGA di que cando se fai un proxecto que afecta a moitos veciños nunca convence a todos, é imposible deixar a todos contentos, o que si é verdade é que o redactor deste plan esforzouse en chegar, dentro do que a lei lle permite, a acordos cos afectados, con máis ou menos sorte, sen existir interese en facer algo que prexudicase.

Di que consultado con expertos nesta materia suxeríronlle non regular moito na tipoloxía, porque despois hai que facela cumprir, ver as edificacións que estaban fóra de ordenación, e se existían terreos que eran de ocupacións que viñan establecidas no PXOM.

Sinala que votará a favor do plan e se houbese financiamento xa sería o máximo, pero que o que está claro, é que se trata dun núcleo a conservar, un referente para todos.

A Presidencia dille ao BNG que non é certo que este plan teña a protección esixida no casco histórico de Santiago, entre outras, porque aquí se traballou case individualmente, mirando os problemas concretos de cada vivenda, cousa que non acontece en Santiago, buscando a maior flexibilidade posible e intentando incluso nalgún caso regularizar situacións. Sinala que existe unha norma que hai que cumprir, e uns entes superiores que van informar; en calquera caso, enganchando co exposto polo Sr. Cobas, di que el si cre neste plan, porque senón non estarían traballando nel, non se entrevistarían coa Secretaria Xeral de Urbanismo, cos Xefes Territoriais, co Conselleiro. Onde si, hai que comezar a buscar financiamento, que non é necesaria como di o BNG,



sería ideal e o desexable, pero os tempos son moi complicados e difíciles, pero si poden traballar para conseguir eses obxectivos. Están a traballar para que haxa un aparcamento para regularizar o tráfico, cre no diálogo constante cos veciños que viven alí e entre todos o núcleo de Ponte Ulla será o núcleo de referencia deste concello e os principais beneficiados serán os veciños, e hai que facelo co diálogo e coa máxima flexibilidade posible; por tanto este equipo de goberno adquire o firme compromiso de desenvolvelo, agradecéndolle ao equipo anterior o esforzo para conseguir o financiamento para a redacción deste plan.

O Sr. Pose sinala que cando se refire ao casco histórico de Santiago de Compostela, faino con respecto á esixencia de acabados, carpintería, licenzas de obras, ampliación de predios, ...etc e en Santiago existe unha oficina dedicada exclusivamente á xestión do patrimonio do casco histórico, conformado polo Colexio de Arquitectos, veciños, todos os partidos e grupos representados no concello, e aínda así existen moitos problemas.

Sobre se non se acada financiamento, vai pasar o que pasou en Corrubedo, onde aprobaron un parque nacional que non querían os veciños, e encima non lle deron financiamento e aconteceu que os propios veciños queimaron o entorno, e o que acontecerá aquí basicamente é que os bens urbanos de Ponte Ulla se depreciarán se non existe o financiamento, e se existe de valor.

A Presidencia di que sente que sexa tan catastrófico, que el séntese máis optimista, e que si existirá financiamento, aínda que non será todo xunto evidentemente. O Sr. Pose contéstalle que se trata da súa profesión, é arquitecto, urbanista e todo o demais relacionado coa edificación, e que é pesimista porque ten que selo á vista da súa experiencia vital, que non se trata dunha opinión de partido, que de ser así votaría a favor, e se fose a súa opción persoal, votaría en contra.

Posta a votación a citada proposta apróbase con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG, o que supón a maioría absoluta legal de membros da corporación.

4º.- Acordo, se procede, sobre aplicación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis aos bens da igrexa católica e outras confesións cuxo destino non estea vinculado ao culto.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade.

De seguido dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas o día 21 de outubro de 2013.

“Dáse conta da relación de bens rexistrados a nome da igrexa católica e doutras confesións, resultando todos de titularidade do Arcebispado.

Proponse modificar a Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, no tocante ao artigo 6º. Exencións. Punto c), deixando exentos unicamente os bens da igrexa católica, que teñan vinculado uso ao culto, uso comunitario ou social.

A Comisión de Economía e Especial de Contas acorda que se proceda á revisión para comprobar cales dos ditos bens relacionados teñen atribuídos os ditos usos



e, ademais, modificar o artigo 6º da Ordenanza reguladora do IBI, para que a exención dos bens da igrexa sexa aplicable só aos inmobles que teñan eses usos.”

O pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para esixir á Xunta de Galicia unha partida económica nos orzamentos de 2014 para atender o servizo de axuda no fogar (SAF) en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

Apróbase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido por parte do Sr. Pose dáse unha explicación da moción presentada. Sométese a votación a parte dispositiva da mesma, que di o seguinte:

1.- Esixir do Goberno da Xunta de Galicia a incorporación dunha partida orzamentaria nos orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos orzamentos da Xunta do ano 2010 e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

2.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta e aos voceiros de todos os grupos políticos do Parlamento Galego.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada parte dispositiva.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-Á pregunta do Sr. Cobas do PSdG-PSOE sobre das facturas de Construcciones Roberto Vales, S.L , a Presidencia contéstalle que pode consultalas cando o considere oportuno.

-Sobre do rogo do Sr. Cerdeira para que se repoñan as tapas da rede de sumidoiros en Marzán, di que xa están encargadas, e polo que respecta aos “roteiros da emigración”, que hai que repoñelos, que están buscando a fórmula para facelo sen que custe moito diñeiro, dotando unha partida presupostaria para tal fin.

-Polo que respecta ao rogo de dona Beatriz Amenal, para que se inste ao propietario da parcela en San Xián situada na pista que vai de Calzande a Romarís, di que a concelleira de obras está intentando solucionar a problema, poñéndose en contacto cos veciños para poder cortar as polas.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da modificación do PXOM, di que están en contacto cos veciños.

2.- En canto á cesión de locais, sinala que existe unha nova solicitude, da Asociación Papaventos, e que antes do vindeiro pleno convocará á Xunta de Voceiros para buscar unha solución.

3.- Polo que respecta ao listado das obras financiadas cos 180.000 euros da Deputación, di que non está feito pero que se compromete a telo listo para o pleno de



novembro, e se nalgunha parroquia daquela, aínda non se fixo ningunha obra incluírase a obra prevista.

4.- Por último en canto ao funcionamento do servizo de correos de Vedra, di que se presentou a oportuna reclamación para que quedase constancia por escrito da postura do concello, evidentemente esixindo que se manteña o horario anterior de atención ao público.

--De seguido o Sr. Secretario da Corporación, don Carlos J. Méndez -Losada Abalo, procede á lectura do informe solicitado polo Sr. Cobas do PSdG-PSOE, sobre das obras de canalización telefónica levadas a cabo pola brigada municipal de obras en Tomonde.

7º.- Rogos e preguntas

--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE di que a súa pregunta sobre da canalización telefónica en Tomonde foi se existe algún convenio con Telefónica ou se era unha familia que estaba en situación de exclusión social, e dado que o informe do Sr. Secretario non lle convence, e dado que esa familia pagou 819,04 euros por 160 metros de canalización, di que se o Sr. Alcalde se compromete publicamente aquí a traer no vindeiro pleno unha ordenanza onde os veciños de Vedra que queiran engancharse ao saneamento, abastecemento de auga, telefonía móbil e fixa, ou calquera outro tipo de obra semipública a este prezo, 5,11 euros/metro lineal, IVE incluído, deixa a pregunta así; e se non acepta a proposta, é porque hai algo que lle cheira mal.

--Sinala tamén que don José Manuel Orosa está facendo unha obra ilegal en Aldea Grande, supoñendo que o equipo de goberno ten coñecemento, porque el tamén o ten a través do concello, preguntando se existe decreto de paralización.

A Presidencia contéstalle que si existe ese decreto.

--Di tamén o Sr. Cobas que no último Boletín Municipal aparece publicada unha nova con motivo do 20 aniversario da rede de escolas infantís Cativos, que se trata dunha empresa que nin é de Vedra nin ten porque aparecer no boletín, si a escola municipal pero a empresa Cativos non.

--Por último, facendo unha reflexión di que o noso concello, como tantos de Galicia, está pasando por situacións complicadas, pero no noso caso temos unha arma de traballo, que é o polígono industrial, que nas viaxes oficiais a Arxentina se debe promover, porque existen empresarios de alá que teñen moito diñeiro en Galicia.

--O Sr. Pose do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Considera o concello xusto que en Santiago as familias paguen como máximo 2,95 euros/día de comedor, e en Vedra, que ten unha poboación máis dispersa e con menor poder adquisitivo, poidan chegar a pagar como máximo 4,5 euros/día? Tendo en conta que ambos gobernos municipais son do PP, pregunta que pensa facer o PP de Vedra ao respecto para repórtese este agravio?. Considera xusto unha diferenza practicamente de 300 euros/ano?

2.- Solicita un informe sobre das consecuencias da recentemente presentada Lei de Administración Local?

3.- Sobre do tema da emisión a través de “streaming” dos plenos, que se aprobou hai tempo xa, a Presidencia dixo que custaba 200 euros, e pide que o concello faga unha solicitude á empresa coa tecnoloxía WEB RTC ou HTML5.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Presidencia pídelles que llo envíe por correo electrónico.

4.- Expón tamén que os traballadores da gardería municipal de Vedra sufriron unha baixa dos salarios de aproximadamente un 10%, e pregunta se o concello de Vedra tamén reduce nesa mesma proporción o custo da gardería, e que lle solicite á empresa os motivos de diminución salarial tendo en conta que existen nenos, o mesmo persoal e os beneficios técnicos seguen a ser os mesmos, e que se fagan públicas as súas explicacións, e que de ser inxustas se obrigue á empresa á restitución salarial dos seus empregados .

--O Sr. Alvela de TEGA, di que existe na aldea de Sarandón un transformador aéreo que quedou pequeno, e que resulta un problema de falta de tensión, ata tal punto que algunhas lámpadas non acenden, e solicita que dende o concello, aínda que haxa que completalo con sinaturas de veciños, se fagan as xestións oportunas para solucionarlle o problema aos veciños dese lugar.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos